

SAYAT NOVA

(A CORDA GRANADA)

[Sergei Paradjanov, 1969]

88

ESTREA EN NUMAX: 02.03.2016 | V.O.S.E. | +16

Sayat Nova (1969, 80')

Dirección: Sergei Paradjanov

Guión: Sergei Paradjanov, Sayat Nova (poemas)

Reperto: Sofiko Chiaureli, Melkon Aleksanyan, Vilen Galstyan, Giorgi Gegechkori, Spartak Bagashvili, Medea Djaparidze, Hovhannes Minasyan, Onik Minasyan

Montaxe: Sergei Paradjanov, M. Ponomarenko, Sergei Yutkevich

Dirección de arte: Sergei Paradjanov

Son: Yuri Sayadyan

Música: Tigran Mansuryan

Fotografía: Suren Shakhbazyan

Produtora: Armenfilm Studios (Unión Soviética)

Distribuidora: Capricci Films

Formato de proxección: DCP 4K, 1.37:1

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Ashik-Kerib, 1988

La leyenda de la fortaleza de Suram, 1984

Los corceles del fuego, 1965

A Little Flower on a Stone, 1962

Ukrainian Rhapsody, 1961

The First Lad, 1958

SINOPSE

Biografía do trobador e poeta armenio do século XVIII Sayat Nova. En lugar de facer unha narración lineal, o director encárgase de realizar unha serie de cadros viventes que representan episodios importantes da vida do poeta en clave simbólica: a súa infancia, a súa xuventude, a súa entrada a un mosteiro ou o seu enfrontamento co anxo da morte.

«*Sayat Nova* fai parte deses filmes (cada vez menos frecuentes) que non se parecen a nada. Paradjanov é un deses cineastas (a cada volta máis raros) que fan cinema coma se ninguén tivese filmado antes.»

Serge Daney, CINÉ JOURNAL, Inverno 1981/82



SAYAT NOVA (A CORDA GRANADA)

[Sergei Paradjanov, 1969]

Entrevista a Sergei Paradjanov

Por Ron e Dorothea Holloway,
decembro de 1995

En 1969 regresas á túa Armenia natal para realizar *Sayat Nova*. Gústame moito ese filme. Estou orgulloso del. Por unha banda, estou orgulloso de que non gañase nin o León de Ouro [Venecia] nin o Pavo Real de Prata [India]. Pola outra, tiveron que facer o filme baixo as circunstancias máis complicadas. Non tiña os elementos técnicos máis elementais, nin material de Kodak nin absolutamente nada. Nin sequera contaba con suficientes lámpadas ou máquinas de vento, co que non había posibilidade de facer efecto ningún. Mesmo así a calidade do filme é irrefutábel. A obra resultante ten a aparencia primitiva do típico pobo do medio da estepa. Un conto de fadas moldeado a partir dunha situación real.

Concordas con que *Sayat Nova* é un filme sobre o Cáucaso? Coido que *Sayat Nova* é como unha xoia persa. De cara a fóra a súa beleza éncheche os ollos, ves as fermosas miniaturas. Logo ábrelos e, dentro, ves aínda máis accesorios persas. O efecto é como o dun filme de Pasolini. Non quero ocultar isto, quero subliñalo.

Daquela, as influencias de Pasolini en *Sayat Nova* semellan claras. A moita xente gústalle imitar o que está de moda. Mais tan pronto como comezan a imitar algo convértese en criaturas pobres e miserábeis reducidas á indixencia. Porén, sempre seguimos os pasos de outro. Se algún di, «os teus filmes lembran aos de Pasolini» eu sintome máis grande cá vida. Podo respirar mellor. Pasolini é coma un deus para min, un deus da estética, un mestre do estilo, o home que recolleu a patoloxía dunha época. Superouse a si propio nos vestiarios, superouse a si propio nos xestos. Olla *Edipo Rey* (1967). Coido que é un traballo absolutamente brillante. Os seus actores, o seu sentimento cara á feminidade e cara á masculinidade... Pasolini non é so un deus. É máis próximo ca deus. Está máis achegado á patoloxía da nosa existencia na terra, á nosa xeración. Acabo de ver

Las mil y una noches (1974). Para min é a máis poderosa interpretación xamais feita da biblia. Está construída cos mesmos elementos, moldeada da mesma forma que podemos atopar na biblia.

E que nos dis de Fellini? A maxia nos filmes de Fellini resulta sorprendente. O seu incríbel don para a fantasía é abraiante. Mais só vai nunha dirección, cara á mistificación. Posúe unha impetuosa paixón para crear personaxes máis poderosos cá vida. Olla *Y la nave va* (1983), un gran filme sobre a traxedia do tempo, sobre unha cantante de ópera e sobre a Primeira Guerra Mundial. Todo sucede na cuberta dun barco. Como se pode dicir que é un cineasta acabado? Ao contrario, é un dos seus mellores filmes, por non falar de *Casanova* (1976).

En canto aos problemas coas autoridades polos teus filmes posteriores a *Los corceles del fuego* (1964), tiveron a ver co carácter nacional e etnográfico do teu traballo?

A natureza asístenos e devólvenos ao seu seo. Cómpre ser devoto á natureza, á súa verdade, ao seu ideal, á súa maternidade. A natureza encerra tamén o patriotismo e o fanatismo daqueles que defenden os principios dos seus gobernos, para amar o país con tenrura. Eu era un armenio en Ucraína. Fun recoñecido en Ucraína. Os ucraínos quéreme. A miña muller era ucraína e o meu fillo tamén. Mais o filme non gustou en certos círculos. Fun arrestado e encarcerado durante cinco anos. Foi unha sentenza dura.

Vostede usa moito o termo «artistismus». Que significa? Non che sei dicir. É coma Lenin, a quen eu idolatro. Como director admiro o seu «artistismus», os seus impulsos artísticos, as súas habilidades como orador. O seu cerebro era magnificante, xigante como o dun profeta. O mundo non era grande de abondo para el. O seu «artistismus» obrigouno unha vez a chimpanzar encol dun carro blindado, coma se fose un escenario. Ficou alí quedo coma un monolito; acababa de nacer un actor.

Extraído de:
<http://www.kinema.uwaterloo.ca/article.php?id=316&>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA NOSA LIBRARÍA

Serguei Paradjanov. Patrick Cazals. Cahiers du Cinéma, 1993.
Paradjanov le magnifique. Henry-Claude Cousseau, Zaven Sargsyan, Sophie Kaplan (dirs.). École Nationale Supérieure des Beaux-Arts, 2007.
Sayat Nova de Serguei Paradjanov: la face et le profil. Erik Bullo. Yellow Now, 2007.
Odes arméniennes, Sayat Nova. L'Harmattan, 2006.
Armenia en prosa y verso, Ósip Mandelstam. Acantilado, 2011.
Rubayat, Omar Jayyam. Alianza, 2013.
Rubayat, Yalal Ud-Din Rumi. Alianza, 2015.
Rubayat, Yalal Ud-Din Rumi. Ediciones del oriente y del mediterráneo/Unesco, 1996.

Un cinema,
unha libraría
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org